

MEMORIA

# actividades deportivas 2006/2007

UNIVERSIDADE DE VIGO

UNIVERSIDADE DE VIGO

Servizo de **Deportes**

# MEMORIA
# actividades deportivas 2006/2007

**Edita**
Servizo de Deportes. Universidade de Vigo

**Deseño e maquetación**
magenta

**Imprime**
Sixpress color

**Depósito legal**
VG 90-2008

# ÍNDICE


SAÚDO DA VICERREITORA 5

1. ACTIVIDADES DE LECER-FORMACIÓN 7
1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS 7
1.2. CURSOS CURTOS 9

2. ACTIVIDADES DE LECER-RECREACIÓN 11
2.1. RUTAS CULTURAIS 11
2.2. DELECER. DEPORTE PARA O TEMPO LIBRE 13
2.3. AUGAVENTURA. ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO 14

3. ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN 17
3.1. COMPETICIÓNS INTERNAS 17
Ligas universitarias
Resultados da fase final Intercampus e cadro de honra das ligas 06/07
XII Torneo Intercentros
Campionatos individuais
Campionatos PDI e PAS
3.2. COMPETICIÓNS INTERUNIVERSITARIAS 24
Campionatos galegos
Campionatos de España
Xogos Galaico-Durienses
3.3. OUTRAS COMPETICIÓNS 27

4. SECCIÓNS FEDERADAS 29
4.1. CAMPUS DE OURENSE 29
Baloncesto
Tenis
4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA 30
Ximnasia aeróbica
4.3. CAMPUS DE VIGO 31
Rugby
Xadrez
Tenis
Tríatlon
Carreiras de orientación

5. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS 37
5.1. USOS INTERNOS: COMUNIDADE UNIVERSITARIA 38
5.2. USOS EXTERNOS 38

6. EVENTOS E ACTIVIDADES 41
6.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES 41
6.2. SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS 45

7. OUTROS SERVIZOS E VANTAXES 47
7.1. TARXETA DEPORTIVA UNIVERSITARIA 47
7.2. DUE 47
7.3. ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE 47

8. ARQUIVO DE PRENSA 49

9. DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS 55



**Mª DEL CARMEN CABEZA PEREIRO**
Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes

Esta memoria que agora vos presentamos é testemuño da presenza do deporte na Universidade de Vigo e de como devagariño imos conseguindo ese obxectivo de que o deporte calle como un hábito de vida saudable e non se interprete como algo exclusivo dun grupo diferenciado e alleo. Temos a función de incorporar o deporte nas rutinas da comunidade universitaria e a de incorporar os deportistas na vida académica.

A percepción que temos á vista dos datos que aquí vos ofrecemos é que xa somos bastante visibles. As iniciativas encamiñadas a xeneralizar a práctica deportiva regular e saudable van prendendo no colectivo universitario. Estamos satisfeitos coas cifras de participación nas ligas e torneos, así como coa acollida das escolas deportivas e do resto dos programas de actividades. Pero, como somos ambiciosos, temos sempre a meta posta un pouco máis alá, e faremos ese esforzo adicional por gañar máis puntos a favor de que a práctica deportiva se integre completamente como parte dos hábitos dos universitarios.

Isto é así porque temos unha concepción de servizo á comunidade, así como tamén un obxectivo de mellora constante e de adaptación ás demandas. Propómonos, en concreto:

1. Amparar e propiciar o deporte feminino. Contamos con aliadas excepcionais, como o equipo de rugby feminino, que fixo un importante labor de difusión deste deporte e de captación de xogadoras.

2. Consolidar modalidades deportivas de aire libre, así como tamén as que máis nos vinculan cos contornos social e xeográfico, como as carreiras de orientación e de cros.

3. Diversificar a oferta deportiva para adaptala a todos os gustos, potenciando as nosas capacidades a través do pulo a iniciativas que xorden dende os universitarios, interesados no xadrez, no balonmán, no rugby e no tenis de mesa.

4. Facer realidade o soño de compaxinar a práctica do deporte de alto nivel de competición co seguimento das clases e das avaliacións.

5. Colaborar con outras entidades que aproveitan as nosas instalacións para adestrar os seus equipos ou que ofrecen apoio á práctica deportiva.

Ademais da actividade deportiva, tamén hai tempo para a solidariedade, da que son un bo exemplo os maratóns de aeróbic, e, como non, para a diversión compartida e amenizada polos grupos de teatro da Universidade de Vigo, na festa do deporte en que se entregan os trofeos para os gañadores nas diferentes modalidades e que este curso tivo lugar no Campus de Ourense o 22 de maio.

Antes de rematar, quérovos dar beizóns a todos, participantes, colaboradores e persoal do Servizo de Deportes, por facerdes isto posible.

ACTIVIDADES DE LECER

FORMACIÓN

## 1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS

Duración: de novembro a maio

Máis de 40 modalidades diferentes compuxeron un ano máis o programa estrela do Servizo de Deportes nos tres campus, un programa que reuniu durante este curso a máis de 1600 persoas. Os usuarios seguen a considerar as escolas deportivas como un medio de achegarse a disciplinas deportivas ás que nunca tiveron acceso, ademais de ser unha canle para adquiriren hábitos saudables.










## 1. ACTIVIDADES DE LECER-FORMACIÓN

### CAMPUS DE OURENSE

| MODALIDADE | Nº |
|---|---|
| Aeróbic | 86 |
| Aerobox | 34 |
| Aquafitness | 23 |
| Boxeo | 7 |
| Capoeira | 2 |
| Danza aeróbica | 18 |
| Danza do ventre | 34 |
| Ioga | 41 |
| Karate | 2 |
| Kick-boxing | 14 |
| Natación (curso) | 30 |
| Natación (libre) | 117 |
| Pilates | 40 |
| Tai chi | 21 |
| Tenis | 45 |
| Voleibol | 23 |
| Wu-shu | 7 |
| Xadrez | 4 |
| TOTAL | 548 |

### CAMPUS DE PONTEVEDRA

| MODALIDADE | Nº |
|---|---|
| Aeróbic | 89 |
| Aerostep | 4 |
| Bailes de salón | 25 |
| Capoeira | 5 |
| Ioga | 16 |
| Fitness-musculación | 124 |
| Natación | 26 |
| Power pump | 4 |
| Tai chi | 9 |
| Wellness | 81 |
| TOTAL | 383 |

### CAMPUS DE VIGO

| MODALIDADE | Nº |
|---|---|
| Abdominais-estiramentos | 3 |
| Aero-batuk | 19 |
| Aeróbic | 47 |
| Aeróbic step | 42 |
| Aerobox | 17 |
| Aeroton | 3 |
| Aquagym | 24 |
| Body-pump | 8 |
| Capoeira | 28 |
| Danzas orientais | 40 |
| Doyin | 1 |
| Fit ball pilates | 21 |
| Full contact | 17 |
| GAP | 41 |
| Hip-hop | 9 |
| Ioga | 70 |
| Jiu-jitsu | 7 |
| Judo | 11 |
| Kendo | 9 |
| Kick-boxing | 20 |
| Latino | 7 |
| Natación | 62 |
| Pádel | 13 |
| Pilates | 26 |
| Power gap | 5 |
| Spinning | 24 |
| Step | 4 |
| Taekwondo | 16 |
| Tai chi | 17 |
| Tenis | 67 |
| Tonificación | 1 |
| Wu shu sanda | 1 |
| Xadrez | 22 |
| Ximnasia de mantemento | 7 |
| TOTAL | 709 |






TOTAL ESCOLAS 1640

## 1.2. CURSOS CURTOS

Duración: de outubro a xuño

Son dous os obxectivos que se marcan neste tipo de actividades monográficas cunha duración aproximada dun mes: achegarlles aos universitarios modalidades minoritarias ou pouco habituais e afondar e completar as modalidades que tiveron máis éxito durante o curso escolar.

### CAMPUS DE VIGO

| MODALIDADE | Nº |
|---|---|
| Curso de mergullo Open Water Diver (abril de 2007) | 24 |
| Curso de ioga para as costas e relaxación (xuño de 2007) | 17 |
| TOTAL | 41 |



# ACTIVIDADES DE LECER RECREACIÓN

## 2.1. RUTAS CULTURAIS

Duración: de novembro a maio

Máis de 500 persoas participan cada ano neste programa que destaca por se centrar no coñecemento do contorno, ao tempo que se descobren o patrimonio histórico e os recursos naturais do noso país. Durante o curso 2006/2007 organizáronse un total de dez saídas a pé, de entre 10 e 25 km nas que os participantes coñeceron da man de guías especializados os detalles históricos, etnográficos e culturais dalgúns dos recunchos con máis encanto das provincias de Ourense e Lugo.

Unha das novidades introducidas nesta edición foi a celebración dunha fin de semana en Allariz, na que se gozou do medio desta peculiar vila ourensá.

Como incentivo á actividade os estudantes conseguiron un crédito de libre configuración por cada tres rutas asistidas.






2.
ACTIVIDADES
DE LECER-
RECREACIÓN

## RUTAS CULTURAIS

| DATA | | VIGO | OURENSE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 18.11.06 | Castro de San Tomé e A Chavasqueira | 27 | 39 | 66 |
| 02.12.06 | Mosteiro de San Pedro de Rocas | 22 | 41 | 63 |
| 16.12.06 | Ruta do Ribeiro | 14 | 35 | 49 |
| 13.01.07 | Ruta Pena Corneira | 17 | 31 | 48 |
| 24.02.07 | Ruta da Ribeira Sacra | 19 | 43 | 62 |
| 03.03.07 | Canóns do Sil | 20 | 33 | 53 |
| 24.03.07 | Serra do Xurés | 23 | 36 | 59 |
| 14.04.07 | O Incio | 18 | 36 | 54 |
| 28.04.07 | Vía da Prata | 20 | 31 | 51 |
| 06.05.07 | Fin de semana en Allariz | 5 | 15 | 20 |
| TOTAL ROTEIROS | | 185 | 340 | 525 |







## 2.2. DELECER. DEPORTE PARA O TEMPO LIBRE

Duración: meses de marzo e abril

A suma de deportes, diversión e contacto coa natureza dá como resultado Delecer. Ás xa habituais actividades como o golf, o pontismo ou o paracaidismo, uniuse este ano multiaventura.

| CAMPUS DE VIGO | PARTICIPANTES |
|---|---|
| Pontismo | 37 |
| Parapente | 18 |
| Paracaidismo | 12 |
| TOTAL | 67 |








## 2.3. AUGAVENTURA. ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO

Duración: de marzo a xuño

A Universidade de Vigo non lles pode dar as costas aos recursos acuáticos galegos e por iso na sétima edición deste programa quixemos engadir un compoñente “adrenalínico”. Rafting, zorra acuática, surf e catamarán foron as actividades que reuniron aos usuarios que querían experimentar novas sensacións.










## 2. ACTIVIDADES DE LECER-RECREACIÓN

| CAMPUS DE VIGO | PARTICIPANTES |
|---|---|
| Rafting | 21 |
| Windsurf | 3 |
| Surf | 22 |
| TOTAL | 46 |









# ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN

## 3.1. COMPETICIÓNS INTERNAS

### LIGAS UNIVERSITARIAS

Duración: de novembro a marzo

Nas competicións internas da Universidade de Vigo conflúen en equilibrio o estímulo da competición como forma de superación e de logro de metas e o espírito recreativo baseado no goce da participación en si mesma.

Así, as ligas universitarias teñen o acicate de iren superando fases da competición, dende a fase de Campus á fase de Intercampus, dende o Campionato Galego ao Campionato de España Universitario. Ao mesmo tempo aglutinan o maior número de participantes de entre todas as actividades que organiza o Servizo de Deportes.

| | CAMPUS DE OURENSE | | CAMPUS DE PONTEVEDRA | | CAMPUS DE VIGO | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | EQUIPOS | Nº PERSOAS | EQUIPOS | Nº PERSOAS | EQUIPOS | Nº PERSOAS |
| MODALIDADE | | | | | | |
| Fútbol 7 masculino | 10 | 120 | 13 | 182 | 71 | 1136 |
| Fútbol sala feminino | 4 | 40 | 1 | 12 | 8 | 96 |
| Fútbol sala masculino | 38 | 380 | 14 | 168 | 60 | 720 |
| Voleibol mixto | - | - | 5 | 60 | 5 | 60 |
| Voleibol masculino | 1 | 8 | - | - | - | - |
| Balonmán mixto | - | - | - | - | 5 | 70 |
| Balonmán masculino | 2 | 22 | 3 | 42 | - | - |
| Baloncesto mixto | - | - | - | - | 13 | 156 |
| Baloncesto feminino | - | - | 1 | 12 | - | - |
| Baloncesto masculino | 8 | 80 | 2 | 24 | - | - |
| TOTAL | 64 | 658 | 39 | 500 | 162 | 2238 |




TOTAL LIGAS EQUIPOS: 265
Nº PERSOAS: 3396

## RESULTADOS: FASE FINAL INTERCAMPUS

O 1 de marzo no Campus de Vigo os cabezas de serie dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo enfrontáronse na Final Intercampus, nun total de nove modalidades deportivas: baloncesto masculino e feminino, balonmán masculino, fútbol sala masculino e feminino, fútbol 7 masculino, rugby masculino e voleibol masculino e feminino.

Os equipos que gañaron en cada disciplina representaron a Universidade de Vigo no Campionato Galego de Deportes de Equipo.





## CADRO DE HONRA LIGAS 2006/2007

**Baloncesto feminino**
1.º posto: Marea negra (Campus de Ourense)
2.º posto: Las morosit@s (Campus de Vigo)

**Baloncesto masculino**
1.º posto: Turcos (Campus de Vigo)
2.º posto: Cuvilingüe (Campus de Vigo)

**Balonmán masculino**
1.º posto: Todo rima con tikití (Campus de Vigo)
2.º Posto: Campus de Ourense

**Fútbol 11 masculino**
1.º posto: Spectra de Moscú (Campus de Vigo)
2.º posto: Zona Franka (Campus de Ourense)

**Fútbol sala feminino**
1.º posto: Os Ánxeles de Dido (Campus de Ourense)
2.º posto: ACUAFEEL (Campus de Vigo)

**Fútbol sala masculino**
1.º posto: Un caño, unas risas y pa casa (Campus de Ourense)
2.º posto: Peritos (Campus de Vigo)

**Voleibol masculino**
1.º posto: Mexturansa galega (Campus de Vigo)
2.º posto: Manganchas (Campus de Ourense)







## XII TORNEO INTERCENTROS

### Duración: do 9 de abril ao 22 de maio

O Torneo Intercentros recolle o testemuño das ligas universitarias para seguir xogando en equipo. Entre o 9 de abril e o 10 de maio, o enfrontamento foi entre agrupacións de membros da mesma facultade ou centro. Á final do 22 de maio no Campus de Ourense chegaron os mellores de cada campus.

Coincidindo coa final do XII Torneo Intercentros celebrouse a XVI Festa do Deporte, o acto no que o Servizo de Deportes agasalla a gañadores de ligas universitarias e deportistas destacados da temporada.

TOTAL DE PARTICIPANTES EN INTERCENTROS 1230






## CLASIFICACIÓN DO XII TORNEO INTERCENTROS

Baloncesto masculino:
1.º posto: Fac. de CC Empresariais (Campus de Ourense)
2.º posto: Fac. de CC da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra)

Balonmán masculino
1.º posto: Fac. de Informática (Campus de Ourense)
2.º posto: Fac. de Historia (Campus de Ourense)

Fútbol sala feminino
1.º posto: Fac. de CC da Educación (Campus de Ourense)
2.º posto: Telecomunicacións (Campus de Vigo)

Fútbol sala masculino
1.º posto: Fac. de CC Empresariais (Campus de Ourense)
2.º posto: Fac. de CC da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra)

Fútbol 11 masculino
1.º posto: Fac. CC. da Educación (Campus de Ourense)
2.º posto: Escola de Peritos (Campus de Vigo)






## CAMPIONATOS INDIVIDUAIS
## Duración: marzo e abril

**Tenis de mesa** (22 de marzo de 2007)
1.º posto: Indalecio Vázquez
2.º posto: Samuel García
Total de participantes: 30

**Tenis** (26 de marzo ao 11 de abril)
**Categoría feminina**
1.º posto: Eva Alves Comesaña
2.º posto: Nerea Santomé Pereira
**Categoría masculina**
1.º posto: Jan Lukas Menzel Barraqueta
2.º posto: Miguel Sequeiros Arnosi
**Categoría de dobres masculino**
1.º posto: Pablo Fernández Carballo e Alberto Rodríguez Munaiz
2.º posto: Miguel Sequeiros Arnosi e Alberto Vilas Ibáñez
Total de participantes: 37

TOTAL DE CAMPIONATOS INDIVIDUAIS 67






## CAMPIONATOS PDI E PAS

O tempo de competición tamén chega para o cadro de persoal; profesores e persoal administrativo saltan ao terreo de xogo nos campionatos PDI e PAS. Os gañadores representan a Universidade de Vigo no Campionato Galego de PDI e PAS.

### CLASIFICACIÓN CAMPIONATOS PDI E PAS

| |
|---|
| Fútbol 7 masculino |
| Participaron cinco equipos e 74 xogadores |
| 1.º posto: Teleco |
| 2.º posto: Económicas |

| |
|---|
| Baloncesto masculino |
| Participaron tres equipos e 27 xogadores |
| 1.º posto: Os Lacustres de Marcosende |
| 2.º posto: Ourense |

TOTAL DE PARTICIPANTES 101

En maio de 2007 celebrouse na Coruña o Campionato Galego Universitario de PDI e PAS. Este ano a competición incluíu as modalidades de fútbol 7 masculino e baloncesto masculino. A Universidade de Vigo acadou o 2.º e 3.º posto en fútbol 7 e o 3.º posto en baloncesto.

### CADRO RESUMO DOS PARTICIPANTES EN COMPETICIÓNS INTERNAS

| CAMPIONATOS COMPETICIÓNS INTERNAS | PARTICIPANTES |
|---|---|
| Ligas universitarias-Intercentros | 3714 |
| Competicións individuais | 67 |
| Campionato PDI e PAS | 101 |
| **TOTAL** | **3882** |

3. ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN

## 3.2. COMPETICIÓNS INTERUNIVERSITARIAS

### CAMPIONATOS GALEGOS

Duración: de xaneiro a abril

Esta competición enfronta a representantes das tres universidades galegas tanto en deportes de equipo coma individuais.

| ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN | PARTICIPANTES |
|---|---|
| Campionato Galego Universitario de Carreira en Ruta: 10 km, 1 de abril. Campus das Lagoas Marcosende | 65 da Universidade de Vigo |
| Campionato Galego Universitario de Deporte de Orientación, 24 de marzo. Serra do Galiñeiro | 30 da Universidade de Vigo |

### PARTICIPACIÓN

| | |
|---|---|
| Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos | 56 deportistas |
| Campionato Galego Universitario de Natación | 19 deportistas |
| Campionato Galego Universitario de *Raid* de Aventura | 6 deportistas |
| Campionato Galego Universitario de Volei Praia | 2 deportistas |
| Campionato Galego Universitario de Xadrez | 27 deportistas |
| Campionato Galego Universitario do PDI e PAS | 32 deportistas |














## CAMPIONATOS DE ESPAÑA

### DEPORTES INDIVIDUAIS

**Atletismo** (San Javier, Murcia. 23 e 24 de maio de 2007)
Ouro. 1500 m lisos. Víctor Riobó
Ouro. 5 km marcha. Lorena Luances
Bronce. 200 m lisos. Miguel Gómez

**Judo** (Madrid. 12 e 13 de maio do 2007)
Ouro. <73 kg Miguel Romero

**Natación** (Madrid. 13 e 14 de maio de 2007)
Prata. 200 m estilos. Carlota Recio

**Taekwondo** (Córdoba. 11, 12 e 13 de maio de 2007)
Ouro. Peso superlixeiro. Lúa Piñeiro Devesa
Prata. Peso lixeiro. Cristina Baena Torres
Bronce. Peso pluma. Leticia Santos
Ouro. Peso galo. David Vidal Benítez
Ouro. Peso mosca. Bruno García Fernández
Prata. Peso medio. Darío Daniel Pérez Brutcher




### OURO POR EQUIPOS

Lúa Piñeiro Devesa
Cristina Baena Torres
Bruno García Fernández
Leticia Santos Paz
David Vidal Benítez
Darío Daniel Pérez Brutcher
Francisco Santiago Otero
Pablo Casares Espinosa
Fernando Rascado Ríos
M.ª Rebeca Mariño Torrado
Ileana Rodríguez Cruz
Cristina Fernández Neira
Nazareth Tilve Costas

3.
ACTIVIDADES
DE
COMPETICIÓN

| CAMPIONATOS DE ESPAÑA | PARTICIPANTES |
|---|---|
| Deportes colectivos - Interzonal | 83 |
| Deportes individuais - Fase final | 54 |
| TOTAL | 137 |







## XOGOS GALAICO-DURIENSES

A Universidade do Porto foi a encargada de organizar a XXI edición dos Xogos Galaico-durienses, que se celebraron os días 21, 22 e 23 de novembro de 2006. Esta competición enfrontou as tres universidades galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) e as universidades portuguesas do Minho, Porto e UTAD (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro) en nove modalidades deportivas: baloncesto, voleibol, fútbol 7, escalada, tenis, tenis de mesa, natación, xadrez e *bowling*. A Universidade de Vigo acadou o primeiro posto en voleibol e o segundo en baloncesto. Na clasificación xeral a anfitrioa Universidade do Porto foi a vencedora por puntos.

### CLASIFICACIÓN XERAL

1.ª. Universidade do Porto
2.ª. Universidade de Santiago de Compostela
3.ª. Universidade do Minho
4.ª. Universidade da Coruña
5.ª. Universidade de Vigo
6.ª. Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

REPRESENTANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO 50

## 3.3. OUTRAS COMPETICIÓNS

### MARATÓN DES SABLES

do 23 de marzo ao 2 de abril de 2007

Tres deportistas da Universidade de Vigo participaron na vixésimo segunda edición do Maratón des Sables 2007, mítica proba de carreira a pé de ultrarresistencia que se desenvolveu ao longo de sete días polo deserto do Sáhara sur marroquí. O equipo integrábano José García-Calvo Rodríguez, Jesús Díaz Barreiros e Ana Guede Blanco, como primeira muller española en participar nesta proba.

O balance da expedición foi moi positivo. Destacou o excelente segundo posto de José Luis García Calvo na categoría de veteranos.





# SECCIÓNS FEDERADAS

## 4.1. CAMPUS DE OURENSE

### BALONCESTO

#### Categoría masculina

O equipo Universitario Campus Ourense clasificouse 6.º na fase previa do Grupo Sur, na categoría da 1.ª División Nacional. A temporada comezou con Diego Valiñas como adestrador, quen foi substituído posteriormente por Augusto Estévez, que conseguiu un ano máis a permanencia nesta categoría.



#### Categoría feminina

A sección feminina do Universitario Campus Ourense, dirixida por José Manuel González (Chechu) comezou a temporada 2006-2007 na 1.ª División Autonómica, na que quedou en quinto lugar empatada a puntos co cuarto clasificado. Isto determinou que o equipo tivera que xogar a 2.ª fase pola permanencia na categoría. Despois de ter que librar numerosos imprevistos e lesións, o equipo finalmente quedou 7.º clasificado, polo que perdeu deste xeito a categoría.



### TENIS

O equipo absoluto masculino participou na 3.ª división do Campionato Galego, na que se clasificou en primeiro lugar e loitou un ano máis polo ascenso á 2.ª B. Finalmente non puido confirmar o ascenso ao perder fronte ao Club Santo Domingo no derradeiro partido da promoción de ascenso. O equipo cadete mixto participou na 2.ª división do Campionato Galego. O equipo masculino de veteranos participou na 2.ª categoría galega.

#### Outros feitos

Por quinto ano consecutivo o club organizou o Torneo Universitario de Tenis, con catro categorías abertas (cadete masculino, júnior masculino, sénior masculino e feminino) e no que participaron os xogadores máis destacados do circuíto galego, especialmente na categoría sénior, en que se formou un cadro moi competitivo e na que os xogadores do club amosaron a súa calidade ao conseguir o subcampionato na categoría sénior e o triunfo para Pablo Mosquera na categoría júnior.

## 4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA

### XIMNASIA AERÓBICA

A sección federada da Universidade de Vigo demostrou un ano máis o alto nivel dos 20 ximnastas que forman o equipo na súa participación no XII Campionato de España de Ximnasia Aeróbica 2007 e IV Campionato Nacional Base e Promoción de Ximnasia 2007 celebrado en Logroño o 18, 19 e 20 de maio de 2007.

O equipo conseguiu un terceiro e un quinto posto no VI Campionato Nacional Base e Promoción de Ximnasia Aeróbica, na categoría de grupos de promoción. Tamén acadou un meritorio cuarto posto no XII Campionato de España de Ximnasia Aeróbica, na categoría individual masculina absoluta, obtido por Rodrigo Vázquez Pardal.

### Outras actividades

O equipo colaborou na organización do III Maratón de Aeróbic Solidario de Pontevedra, celebrado o 23 de novembro de 2006 e no II Maratón de Aeróbic Solidario do Campus de Vigo, celebrado o 14 de marzo de 2007.









## RUGBY

A sección de rugby da Universidade de Vigo destacou este curso, non só polos resultados deportivos, senón tamén pola organización das I Xornadas de Rugby Feminino da Universidade de Vigo, nunha extraordinaria tentativa de difundir a práctica deste deporte entre a comunidade universitaria. As xornadas tiveron un éxito rotundo do Vigo Rugby Club en colaboración co Servizo de Deportes, e acolleron a participación de preto de 30 rapazas.

Como mellores resultados da temporada, destaca o 2.º posto do equipo masculino na División de Honra B e o 3.º posto do equipo feminino na liga galega. O club pechou a temporada proclamándose campión da Copa Xunta de Galicia nas categorías feminina e masculina.










## XADREZ

Esta sección, que dirixe Pablo García, estivo representada por dous equipos na Liga Galega de Xadrez 2007: un equipo na división de honra e outro na segunda división.

O equipo de división de honra formouse en colaboración coa Escola Xadrez Galego e no seu segundo ano na categoría raíña do xadrez galego estase a converter, cun cadro integramente galego, nun referente importante dentro da comunidade.

Tras liderar a maior parte da temporada, rematou nun meritorio e traballado segundo posto e clasificouse por primeira vez na historia dun equipo de Vigo para a final a catro da liga galega.

O equipo de segunda división forma parte da Campaña de promoción do xadrez en idade escolar. Trátase dun equipo formado por xadrecistas en idade escolar aos que se lles brindou a oportunidade de adestrar e practicar cos técnicos e xogadores do Universidade de Vigo. Malia ser o equipo con menos experiencia, loitou ata o final por ascender á primeira división, nun ano que nun principio se esperaba que servise de consolidación na categoría.





## TENIS

A sección de tenis da Universidade de Vigo dirixida por Joaquín Comesaña participou esta temporada con dous equipos masculinos e un feminino, integrados por 33 deportistas nas competicións de tenis por equipos da Federación Galega así coma no Campionato de España por equipos femininos absolutos, categoría C.

O Universidade de Vigo B masculino ascendeu á 2.ª categoría B.

Pola súa banda, o equipo feminino conseguiu o subcampionato galego por equipos.

O equipo infantil feminino de primeira categoría obtivo o primeiro posto na final de consolación.



## TRÍATLON

Neste curso o equipo de tríatlon aumentou tanto en número de compoñentes coma en participacións en probas do ámbito galego e tamén estatal; pasou de 13 deportistas na temporada 2006 a 28 en 2007 (24 homes e 4 mulleres).

O equipo participou no circuíto de dúatlon cros, do que destacamos o 6.º posto masculino por equipos, o 8.º posto feminino de Jessica Pacífico e o 19.º masculino de Javier Paredes González.

Varios triatletas da UVigo participaron brillantemente en competicións de ámbito nacional, entre elas, os clasificatorios para o Campionato de España de grupos de idade co 1.º posto individual de Luis Alberto Piña Refojos (tríatlon de Madrid) e o 4.º posto de María Mercedes Táboas Docampo (tríatlon de Xixón).

Cómpre salientar a participación de Luis Piña e Jorge Ubeira no tríatlon de media distancia de Lisboa e de Alejandro Hernández Alfageme no Ironman de Suíza.







## CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

O Club Universidade de Vigo de Deporte de Orientación, integrado por 18 deportistas, obtivo na temporada 2007 un total de 2566 puntos, co que obtivo a sétima posición da clasificación galega logo da disputa de cinco probas da Liga Galega.

Entre os mellores resultados do club destacan:

| | |
|---|---|
| 3.º posto Isabel Pastoriza | Trofeo Internacional Concello de Teo 2006 |
| 2.º posto Martín Pazó | V Trofeo Universidade de Vigo 2006 |
| 2.º posto Isabel Pastoriza<br>3.º posto Carlota Veiga<br>4.º posto Alicia Pérez | Campionato Galego de Deporte de Orientación 2007 |
| 2.º posto Isabel Pastoriza<br>2.º posto Gonzalo Fernández<br>4.º posto Martín Pazó | Campionato Galego Universitario 2007 |
| 13.º posto Gonzalo Fernández | Campionato de España 2007 |
| 3.º posto Rubén Fraga | Campionato Galego de ORI-sprint 2007 |

O club organizou neste curso 2006/2007 catro probas importantes: as edicións quinta e sexta do Trofeo Universitario de Vigo de Deporte de Orientación, proba puntuable na liga galega; o Campionato Galego Universitario 2007 e unha proba de iniciación ao deporte de orientación nun percorrido polo campus vigués.






# INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

# 5. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS



## CAMPUS DE OURENSE

**Edificio deportivo**

- Pista polideportiva
- Pistas de squash
- Sala de fitness
- Zona de tenis de mesa
- Área de xadrez

**Zona deportiva exterior**

- Pista polideportiva
- Pista de tenis

## CAMPUS DE PONTEVEDRA

**Pavillón polideportivo**

- Pista polideportiva
- Sala de fitness

## CAMPUS DE VIGO

**Edificio do Servizo de Deportes**

- Salas de actividades dirixidas
- Aula para cursos
- Sala de xadrez

**Pavillón polideportivo**

- Pista polideportiva
- Sala de cardiofitness
- Zona de tenis de mesa
- Rocódromo

**Pistas de tenis exteriores**

**Pista polideportiva exterior**

**Campo de herba natural**

**Campo de céspede sintético**

**Pista de atletismo**

**Pista de footing**

**Centro Deportivo Universitario (CDU)**

- Piscina
- Pistas de squash
- Sala de cardiofitness
- Sala de actividades dirixidas







## 5.1. USOS INTERNOS: COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Os principais usuarios das instalacións deportivas son os membros da comunidade universitaria dos tres campus, basicamente a través da participación nas distintas actividades programadas polo Servizo de Deportes como as escolas ou as ligas.

Máis de 3300 persoas participaron nas ligas universitarias, dentro das súas diversas modalidades, cunha media de 130 horas á semana.

Hai que destacar tamén que unha media de 125 persoas utilizaron diariamente cada unha das salas de cardiofitness dos campus de Vigo e Ourense.

## 5.2. USOS EXTERNOS

Os campus de Ourense e Vigo alúganlles as instalacións a usuarios externos. Numerosas entidades ocupan os recintos deportivos 90 horas á semana, especialmente nos horarios de sábado e domingo.





| CAMPUS | INSTALACIÓN | USUARIOS |
|---|---|---|
| Ourense | Polideportivo | |
| | | Federación Galega de Baloncesto |
| | | Federación Galega de Judo |
| | | Federación Galega de Kick Boxing |
| | | Federación Galega de Fútbol Sala |
| | | Asociación de Tai Chi |
| | | Club Baloncesto Ourense (COB) |
| | | Copimoda |
| | | MOSA |
| | | Equipo de baloncesto Universitario Campus Ourense |
| | | Actividades do Consello Municipal dos Deportes (CMD) |
| | | Usuarios particulares: 5 |
| Vigo | Pista do pavillón | |
| | | Grupo de empresa PSA Peugeot-Citroën |
| | | GKN Indugasa |
| | | Club de Baloncesto Airexa |
| | | Celta Caixanova |
| | | Noribérica Baloncesto |
| | | Liceo Pintamán |
| | | Teis Voleibol |
| | | Cafetaría Celta Pool |
| | | Restaurante Groba |
| | | Luada II Fútbol Sala |
| | | Usuarios particulares: 10 |
| | Pista polideportiva exterior | |
| | | Coruxo FC |
| | Campo sintético de fútbol | |
| | | Torneo Agrupación Primavera |
| | | Torneo Agrupación Amistad |
| | | CEDRO |
| | | Grupo SEI |
| | | Coruxo FC |
| | | Acopevi |
| | | Vigo en Xogo |
| | | Usuarios particulares: 7 |
| | Pistas de tenis | |
| | | Grupo de empresa PSA Peugeot-Citroën |
| | | Club de Tenis Cidade Olívica |
| | Pista de atletismo | |
| | | Club Atletismo Porriño |
| | | Club Atletismo Val de Louriña |
| | | Colexio de Árbitros de Fútbol |
| | | Igrexa Evanxélica de Vigo |
| | | CEMAR – Colexio Marcote (ciclo Actividade Física e Deportiva) |
| | | Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel de Oia |
| | | Academia Fonseca |
| | | Club Atletismo Val de Louriña |
| | | CD Athenas |
| | | IES A Guía |

# EVENTOS E ACTIVIDADES

## 6.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES

### III MARATÓN DE AERÓBIC SOLIDARIO A PROL DE UNICEF

### Pontevedra, 23 novembro de 2006

A sección de aeróbic da Universidade de Vigo repetiu a experiencia do ano pasado e convocou a universitarios e non universitarios a se poren en forma por unha boa causa. Arredor de 120 persoas colaboraron con material escolar novo na campaña de Unicef.

### II MARATÓN DE AERÓBIC SOLIDARIO CAMPUS DE VIGO

### Vigo, 14 de marzo de 2007

Preto de 150 persoas sumáronse á iniciativa solidaria do Servizo de Deportes en colaboración con Unicef na súa campaña Unidos pola infancia, unidos contra a sida, ao participar nunha nova edición do maratón de aeróbic no pavillón universitario.










## 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA

### Vigo, 1 de abril de 2007

A carreira 10 Km Cidade Universitaria foi unha iniciativa do Servizo de Deportes en colaboración coa Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo e o Comesaña Sporting Club de Vigo.

Esta carreira a pé de 10 km desenvolveuse no contorno do campus de Vigo, con saída e chegada nos arredores da Praza Miralles, e contou coa participación de 340 deportistas federados, universitarios e populares.

En categoría masculina resultou gañador Rafael Fuentes (Club Universidad de Oviedo) e na feminina a viguesa María Soledad Castro (Comesaña Sporting Club).








## VI TROFEO UNIVERSIDADE DE VIGO DE CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

### Vigo, 19 de maio de 2007

A serra do monte Galiñeiro acolleu por quinto ano consecutivo a preto de 300 deportistas de orientación. A proba incluída dentro da Liga Galega de Carreiras de Orientación tivo tamén un compoñente lúdico e de iniciación no deporte. Por este motivo, á par do percorrido de competición trazouse outro máis sinxelo para os principiantes. A pé ou en bicicleta de montaña os participantes puideron sacarlle partido un ano máis ao mapa topográfico da serra realizado polo Club de Orientación da Universidade de Vigo.

## I TORNEO UVIGO DE RUGBY FEMININO

### 14 abril 2007

O Servizo de Deportes, en colaboración co Vigo Rugby Club, organizou durante os meses de marzo e abril de 2007 unhas xornadas de achegamento ao rugby feminino coa participación de 28 rapazas. As xornadas clausuráronse coa celebración do I Torneo Uvigo de Rugby Feminino celebrado no Campus de Vigo o 14 de abril coa presenza de diversos clubs galegos e portugueses. Finalmente, o equipo gañador foi un combinado de xuvenís e veteranas do Vigo Rugby Club.










## XORNADAS DE PETANCA

### xuño 2007

Preto de trinta participantes gozaron deste xogo tradicional, nunhas xornadas organizadas polo Servizo de Deportes no campus de Vigo en colaboración co Club Petanca Breogán.

## PROBA DE INICIACIÓN Á ORIENTACIÓN

### 15 de marzo de 2007

Durante unha xornada de iniciación, axudados por un mapa e un compás 27 participantes realizaron un percorrido polo Campus de Vigo na procura de quince puntos de control. Esta proba puxo novamente de manifesto o crecente interese da comunidade universitaria neste deporte.





## 6.2. SEDE DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS

As instalacións deportivas acolleron a celebración de diversos eventos, deportivos ou doutra índole, amosando a implicación da Universidade de Vigo en proxectos que se desenvolven na súa área de influencia.

### V EDICIÓN COPA COCA-COLA maio 2007

O Campus de Vigo repetiu un ano máis a experiencia como sede do torneo de fútbol escolar da Copa Coca-Cola. Rapaces de idades comprendidas entre os 13 e os 15 anos de 32 colexios da comarca de Vigo xogáronse a clasificación para a final, que este ano tivo lugar en Logroño.

### COPA XUNTA DE RUGBY maio 2007

A competición autonómica de rugby celebrou as súas finais os días 2 e 3 de maio no Campus de Vigo, As Lagoas, Marcosende na categoría sénior (masculina e feminina) e xuvenil (masculina). Os equipos feminino e masculino do Vigo Rugby Club proclamáronse un ano máis campións desta competición.

### CAMPUSCAMP MULTIDEPORTIVO PARA FILLOS DE PDI E PAS xullo 2006

O mes de xullo acolleu un ano máis aos fillos de PDI e PAS, mentres os seus pais traballaban. O CampusCamp aproveitou todas as instalacións deportivas, tanto exteriores coma interiores, para realizar todo tipo de actividades cos cativos: tenis, rugby etc.





# OUTROS SERVIZOS E VANTAXES



## 7.1. TARXETA DEPORTIVA

Ao longo deste curso 427 universitarios solicitaron este carné, que ofrece descontos nas actividades e programas organizados polo Servizo de Deportes (escolas deportivas, cursos etc.), no acceso ás instalación propias e nos servizos ofrecidos polas entidades colaboradoras (ximnasios, tendas de material deportivo, clínicas de fisioterapia etc.).



## 7.2. DUE

O Programa de apoio académico a deportistas de alto nivel (DUE) cumpriu neste curso a súa segunda edición, no que participaron 17 deportistas. O programa DUE naceu durante o curso 2005/2006 para darlles resposta ás necesidades académicas dos deportistas de elite.

Nestes dous anos de implantación e funcionamento, o programa axudou a coñecer en profundidade as dificultades que afrontan estes deportistas ao ofrecer información moi valiosa para explotar nos vindeiros anos todas as potencialidades e vantaxes dun programa destas características.



## 7.3. ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE

No seu segundo curso de existencia rexistrouse unha media mensual superior a 100 usuarios que seguen un programa de preparación física personalizada. Un total de 210 usuarios participaron xa nestes programas trimestrais desde a súa implantación en maio de 2006. Ademais, o desenvolvemento e consolidación da Área de Deporte e Saúde representa nestes momentos a opción máis atractiva para a práctica da actividade física saudable para profesores e PAS da Universidade de Vigo.




Como novidade, a finais deste curso 2006/2007 púxose en funcionamento o Programa A correr, unha iniciativa que nace co obxectivo de lles ofrecer un asesoramento e un seguimento personalizado ás persoas que queiran iniciarse nunha actividade física saudable que teña como base a carreira, ou ben queiran preparar probas específicas.

# ARQUIVO DE PRENSA

# 8. ARQUIVO DE PRENSA


DEPORTES

Gómez Noya se ve con opciones de ganar la Copa del Mundo

Galicia jugará en diciembre contra una selección mundialista en Riazor

La Xunta no dará ayudas 'extras' al Ourense

El Senado aprueba la Ley del Dopaje

Sensacional Joel Parkinsen en Mundaka

Echavarri, Paz y Portela, nombrados mejores deportistas gallegos de 2005

La Universidade dedica la nueva pista de footing a Alejandro Gómez

Los premiados


38 | Deportes

El Pontevedra tendrá su equipo al completo para visitar al Celta B

El Pilotes Posada teme un posible recibimiento hostil en Cuenca

Gestibérica debe cerrar el rebote para ganar en Lliria

*La cancha valenciana tiene un público muy animoso*

El Celta no tiene ningún acuerdo para que TVG dé sus partidos

Alejandro Gómez inauguró la nueva pista de footing que lleva su nombre

El Náutico estrena la rampa más moderna de Europa


6 VIGO

Carmona: "Pedro Barrié recuperó para Galicia los recursos eléctricos"

Cinco estudiantes de Vigo obtienen el Premio Nacional Fin de Carrera

Los universitarios vigueses podrán completar estudios en América

Setenta atletas estrenan la pista de la Universidad

ANUNCIO

XUNTA DE GALICIA

AVISO

OFERTAS EN PIEL


50 Deportes

LA FRASE DE LA JORNADA

No estuvimos a la altura. Es raro que el Madrid no dispare a puerta en 90 minutos. Es el peor partido que recuerdo

Orientación en tierras gallegas

▸ Este fin de semana se disputó el Trofeo Internacional Concello de Teo que ha sido un rotundo éxito ▸ Los ganadores en categoría elite han sido Antonio López y Dorota Kosinska ▸ Galicia cuenta ya con 250 licencias de esta modalidad

# 8. ARQUIVO DE PRENSA


EUREKA! UNIVERSIDADE | 5

O Código Técnico de Edificación, bolsa de traballo para Industriais

Unha alumna da Universidade, enxeñeira sen fronteiras

Novo programa: 'En Boa Forma'

Universidades españolas, en 11 masters europeos

Ramas


universitas

Practicar deporte con fines solidarios

V Trofeo Universidade de Vigo para Carreiras de Orientación

Nueva jornada de Rugby con dos partidos de vital importancia liguera


FARO DE VIGO

PONTEVEDRA 11

BREVES

Vaipolorío lleva a Campolongo su documental sobre Os Gafos

Fiscalía reconoce que "la triste realidad de la víctima de la violencia de género sigue siendo desoladora"

Maratón de aeróbic solidario a beneficio de Unicef


64 DEPORTES

Dominio absoluto del Galaico

Una actividad pionera en Galicia con sede en Bueu

Aeróbic solidario de Unicef

El Club Cofradía de Portonovo cierra una temporada histórica

RESTAURANTE ASADOR CASA CACHARELA

# 8. ARQUIVO DE PRENSA












# 8. ARQUIVO DE PRENSA



Vigo | L15

La Mirilla

# Aeróbic, primer vuelo y playa

A PIE DE CALLE

Alfonso Becerro Regueira

«En la calle Zamora es donde subo más bombonas sin ascensor»

BUZÓN DEL LECTOR



58 DEPORTES

FARO DE VIGO

El Celta B prepara hoy en Madrid la cita de Puertollano

El Santa Mariña se proclama vencedor en el torneo de Coia

ATLETISMO 10 kilómetros Cidade Universitaria 2007

# Medio centenar de atletas compiten en el campus de Vigo

La prueba tiene rango de campeonato gallego universitario

"Esperamos que se consolide como el paso previo a la Vig-Bay", dice Cabeza

Nueva jornada de la liga intercolexios, en Balaídos

Calendario Vigo en Xogo



Galicia logra el título Nacional de categoría benjamín

# El campus atrae

Balneario de Mondariz acoge el circuito de El Corte Inglés

El Calvario acoge el tradicional torneo de Semana Santa

Meritxell Calduch estará en el VIG-BAY



Intenso duelo entre 'Portocaro' y 'Starfigther' en la Ramada Storax

# Rafael Fuentes y Soledad Castro vencen en el Cidade Universitaria

El Náutico de Vigo fue sexto en una accidentada 'Head of the River Race'

José Luis García y Cloe González ganan el Circuito El Corte Inglés



DEPORTES 64

# La plata de Marruecos

• El Universidade de Vigo Emma López logró en el Maratón des Sables un segundo puesto en la categoría de veteranos

"Ser militar me ha ayudado a competir"

"Tuve miedo, pero a lo desconocido"

"Es una prueba muy dura psiquicamente"



galicia

# O urbanismo e a vivenda, a debate en Ourense nun foro internacional

A conselleira Teresa Táboas recoñeceu que Galicia está "estragando o territorio"

A Xunta organiza saídas de fin de semana para dar a coñecer Galicia

O sábado pecha o primeiro tramo da vía do Barbanza

Un colexio de Ourense intenta recuperar a carta como medio de comunicación

A Universidade de Vigo aposta por favorecer a actividade física



VIGO 12

# 700 familias de toda España debaten en Vigo sobre educación y "cibersociedad"

Industria destinará 24 millones de euros al pequeño comercio

Los padres deben implicarse

El atleta Alejandro Gómez colabora en un programa del campus

Vecinos de la plaza del Peñasco se oponen a un nuevo vial peatonal



59

El Congas ficha al central esloveno Borut Oslak para sustituir a Sayad

El rotativo francés "L'Equipe" acusa ahora a Valverde

# Landis niega en el inicio del juicio en EE UU haberse dopado en el Tour

Romero gana el Nacional y estará en la Universiada de Tailandia

Los equipos vigueses copan el podio en el Campeonato Gallego

## 8. ARQUIVO DE PRENSA



DEPORTES — 63

V GALA + DEPORTE

# La fiesta '+' del deporte base y minoritario

La Gala de los V Premios + Deporte reconoció a los más destacados de la temporada 2005/2006

Los mejores clubes, escuelas, equipos y deportistas ourensanos en la temporada 2005/2006 recibieron sus galardones en la quinta edición de los Premios + Deporte en una gala que se desarrolló en el Salón de actos del Campus. La gran noche del deporte base y minoritario estuvo llena de momentos de alegría y emoción.

V Gala + Deporte

Y para empezar, hip-hop

Destacada presencia



10 DEPORTES

## Sevilla gana y el Karpin Galicia brilla

# El Teucro se reforzará con dos jugadores foráneos

## Erik Zabel admite que tomó EPO

## Víctor Riobó, campeón de España universitario


QUEDA Y LIGA

si eres chica 902 190 880

si eres chico 806 288 163

o si prefieres chatea con tu móvil enviando MEN PRG al 7775

## CAMPUS DE OURENSE

Pavillón universitario
Campus A Lonia (Ourense)
Tfno.: 988 368 926
Fax: 988 368 927
depor-ou@uvigo.es
www.vicplanou.uvigo.es

## CAMPUS DE PONTEVEDRA

EUET Forestal, 1.º andar
Campus da Xunqueira (Pontevedra)
Tfno.: 986 801 917
Fax: 986 801 917
podepor@uvigo.es

## CAMPUS DE VIGO

Edificio do Servizo de Deportes
Campus As Lagoas Marcosende (Vigo)
Tfnos.: 986 812 182 - 986 812 204
Fax: 986 814 061
deportes@uvigo.es
Reserva de instalacións:
Tfno.: 986 814 059. e-mail: pavillon@uvigo.es

# 9. DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS

UNIVERSIDADE DE VIGO

Servizo de Deportes

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte

Concello de Ourense

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Concello de Vigo

DEPUTACIÓN OURENSE

www.novaxove.com

El Corte Inglés VIGO

Coca-Cola

MONDARIZ

M E M O R I A

actividades
deportivas
2006/2007



vicerreitorado de planificación e desenvolvemento do
campus de ourense

Universidade de Vigo

Extensión Cultural

Universidade de Vigo

Servizo de
Deportes

www.deportes.uvigo.es